

# Actividades da Asociación en 2000

Enrique J. Montenegro Rúa

Este é o último informe de Actividades organizadas por esta Xunta Directiva, que contou coa feliz coincidencia e a honra de poder finalizar o seu mandato coa publicación deste número 10 de *CROA*. Pois, en efecto, conforme ó artigo 8.2.2 dos nosos Estatutos, na primavera de 2001 corresponde a renovación da Directiva. Seguramente haberá moitas persoas con ideas e dispostas a seguir impulsando o traballo que se ven realizando desde 1989, ano no que se fundou esta Asociación, ata hoxe. Polo tanto, animamos desde aquí a todos os socios e socias a tomar responsabilidades na Asociación de Amigos durante os vindeiros catro anos, polo menos. Quedamos, pois, á espera das propostas de candidaturas que, como é ben sabido, poden ser persoais e individuais para cargos concretos, ou ben conxuntas, para a Xunta Directiva completa, salvo a vocalía reservada para a dirección do Museo.

As actividades realizadas no ano 2000 non foron moitas en número, pero si moi importantes, "intensas" e de moita difusión e transcendencia.

En primeiro lugar, hai que agradecer desde aquí e publicamente ós responsables da Galería Sargadelos de Lugo (personificados no consocio Xesús Pérez Regueiro) a oportunidade que nos ofreceron para poder presentar no mes de febreiro o número 9 de *CROA*. A revista, cun novo deseño e maquetación, segue cumprindo as súas funcións como órgano de expresión da Asociación e como instrumento cultural e científico de gran utilidade para conseguir intercambio de publicacións para a Biblioteca do Museo.

Tamén debe mencionarse, como actividade que se ven facendo case por inercia, a elaboración dunha nova tirada de reproducións de olas cerá-

micas e de "pins" de bronce (a cargo do artesán Manuel Miranda) e de chaveiros (feitos por Postales Fama), que seguen servindo para a difusión do Castro de Viladonga, compensándose os gastos que ocasiona a elaboración deste material coa súa venda, exclusivamente na área de recepción do Museo.

Quizais como "punto negro", neste ano ostentamos o ingrato baldón de non ter sido capaces de organizar unha viaxe de longo percorrido; en boa medida porque a programada para visitar Zaragoza, Calatayud e *Bibilis* (e incluso Soria) non conseguiu motivar a un número mínimo de persoas para podelo levar a cabo. Confiamos (e dalgún xeito así a "emprazamos") en que a nova Xunta Directiva subsane esta pequena lagoa dentro da que sempre foi unha das actividades habituais da Asociación.

Tras varios anos de ausencia por parte da nosa Asociación, en 2000 participamos activamente no Congreso da FEAM (Federación Española de Amigos de los Museos) que tivo lugar na Domus ou "Casa del Hombre" da Coruña no mes de abril (Fig.1). A proximidade xeográfica do lugar de celebración do evento permitiu que a nosa participación estivese composta pola Presidenta e o Secretario así como polo Director do Museo. Obtivemos unha relativa boa impresión de todo o traballo que se está levando desde a Federación, así como das distintas aportacións das vinte e cinco asociacións que presentaron comunicación sobre o seu carácter e actividades, entre elas loxicamente a nosa. Dada a experiencia positiva obtida, pensamos que se debería repetir a participación activa no XI Congreso que se celebrará en Tarragona entre os días 9 e 11 de marzo de 2001.

Como todos os anos, o Día Mundial dos Museos, 18 de maio,



Figura 1

colaboramos en todas as actividades que organiza o Museo do Castro de Viladonga con motivo de tal efeméride. Así, participamos co patrocinio dun acto social á hora de inaugurar a Exposición temporal "Os traballos artesanais no Castro de Viladonga", e incluímos na nosa páxina web a guía de man ou folleto informativo da mesma. Esta tarefa de difusión súmase ós sucesivos anuncios en Internet das diversas sedes da exposición itinerante "Arqueoloxía lucense desde o aire", o apoio da Asociación á declaración da Muralla romana de Lugo como Patrimonio da Humanidade, así como distintas notas de prensa para denunciar a plantación desmesurada de eucaliptos no contorno do Castro e para chamar a atención sobre as actuacións de concentración parcelaria que poden repercutir negativamente sobre o patrimonio arqueolóxico e cultural da comarca.

Continuando cos traballos realizados no ámbito de Internet, hai que destacar a incorporación de varios



artigos, coas súas respectivas versións en galego, español e inglés, en *e-Castrexo*, publicación electrónica que celebrou o seu segundo aniversario o día 17 de outubro coa inclusión dun utilísimo Catálogo das máis de 350 ilustracións coas que xa conta a mencionada revista na rede internauta.

No marco do MEDICI Framework da Comisión Europea e coa colaboración da *Asociación Española de Gestores de Patrimonio Cultural*, o *Departamento de Comunicación Audiovisual y Pub. II* da Universidade Complutense de Madrid convocou para os días 23 e 24 de novembro o Congreso Internacional *CULTURTEC 2000: II Jornadas Europeas "Patrimonio Cultural, Educación y Tecnologías en la Sociedad de la Información*, que se celebrou na Facultade de Ciencias da Información da dita Universidade madrileña. Tendo en conta que podía ser un marco inigualable para dar a coñecer os nosos labores de difusión e divulgación cultural, decidimos presentar a comunicación "Divulgación arqueológica en Internet: el Castro de Viladonga" dentro do apartado do Congreso referente a "Experiencias y Proyectos: Patrimonio Cultural y Nuevas Tecnologías", comunicación que tamén se ofrece neste número de *CROA* para que chegue a todos os asociados.

A este respecto, hai que sinalar que estamos realmente moi satisfeitos polos resultados que obtivemos, xa que foron contínuos, e cremos que sinceros, os parabéns que recibimos de moitos dos participantes, comunicantes e conferenciantes. O mesmo día 27 de novembro, un correo electrónico desde a UNESCO informábanos da inclusión da nosa web no CD-ROM "Guía de los recursos culturales en Internet" adxunto ó Informe Mundial sobre a Cultura 2000 que edita dita organización



Figura 2

internacional:

([http://www.unesco.org/culture/worldreport/html\\_sp/indexs.htm](http://www.unesco.org/culture/worldreport/html_sp/indexs.htm)).

Este último recoñecemento público ven sumarse ó realizado a principios de 2000 polo Ministerio de Administraciones Públicas español, tamén coa inclusión da nosa web en *CIVES*, directorio temático dos diferentes organismos que ofrecen servizos públicos de interese para os cidadáns

(<http://www.igsap.map.es/docs/cia/cives/cultura0.htm>).

Ademais deste mesmo Boletín *CROA*, que chega ó seu número 10, correspondente ó ano 2000 anque vexa a luz xa no 2001, hai que salientar a publicación, a fins daquel ano, e despois de diversas e variadas xestións e de, por veces, complexas preparacións, dun "conto didáctico" (que antes déramos en chamar, erradamente, "cómic"), destinado a distribuír entre os compoñentes dos grupos escolares que visiten Viladonga de xeito organizado e para vender a un prezo asequible ó resto do público. Trátase dunha publicación que recolle, en atractivos debuxos a cor (feitos pola debuxante do Museo, Marta Cancio), un diálogo que un vello cas-

trexo e un rapaz galaico-romano manteñen no Castro de Viladonga e que serve para referenciar e explicar diversos rasgos e elementos do xacemento presentes no propio Museo, cun claro sentido didáctico (que se debe á encargada deste departamento, Filomena Dorrego). A edición fíxose en colaboración coas Brigadas do Patrimonio Chairego, contando tamén cunha importante axuda económica de "La Voz de Galicia" (Grupo Voz).

Por último, hai que anotar que, con motivo da entrada no Museo, precisamente o día 30 de decembro de 2000, do visitante que facía o número 200.000 desde a súa apertura en novembro de 1986, a nosa Asociación participou, xunto co propio Museo, nesta "efeméride", agasallando á persoa en cuestión (o xove Antonio Cavada Gutiérrez, residente en Marín - Pontevedra - e de paso por Lugo), con diversas publicacións e obxectos de difusión cultural (Fig.2).

(Pola tradución: F.Arias)